



ORDENANZA DO SISTEMA MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. OBXECTO

O obxecto deste servizo é a posta a disposición da cidadanía e das persoas que visiten a vila dun sistema de préstamo de bicicletas para desplazamentos urbanos, co fin de fomenta-lo uso deste vehículo.

Artigo 2. ÁMBITO DO SERVIZO

O ámbito do servizo queda delimitado ó territorio que comprende o casco urbano do Concello de Cedeira

Artigo 3. CARACTERÍSTICAS DO SISTEMA

O sistema comprende os aparcamentos e expendedores automáticos de bicicletas instalados en diversos puntos do concello. Cada expendedor componse dunha marquesina de anclaxe cos elementos de soporte, mecanismos para ó accionamento do candado e unidade de control, así como das bicicletas de préstamo.

Todolos componentes do sistema, incluídas as bicicletas, teñen a consideración de bens públicos municipais.

Artículo 4. EMPRAZAMENTOS DOS APARCAMENTOS EXPENDEDORES DE BICICLETAS

O servizo de préstamo de bicicletas poderase utilizar nos seguintes puntos:

- Oficina de Turismo
- Praza Marieta
- Avda. De España (Polideportivo municipal)

Para protexe-los compoñentes de todala instalación que engloba este servizo, o Concello resérvase a facultade de instalar cámaras de video-vixilancia ou outros mecanismos de captación de imaxe e sonido nas inmediacións.

TÍTULO II: NORMAS DE XESTIÓN DO SERVIZO

Artículo 5. USUARIOS DO SERVIZO.

Poderán ser usuarios deste servizo municipal de préstamo de bicicletas os maiores de idade así como os maiores de 16 anos coa autorización da persoa que ostente a patria potestade debidamente identificada.

Non poderán ser usuarios:

- Quenes estén impedidos para o uso de bicicletas por no reunir os requisitos físicos ou psíquicos exigidos pola normativa de circulación vial aplicable.
- Aqueles que huiosen sido sancionados dacordo co disposto nesta ordenanza nos prazos previstos polo artigo 13.

Artigo 6. NORMAS DE USO

1. O usuario deberá facer un uso correcto da bicicleta, devolvendo a mesma en bo estado de funcionamento e limpeza.

2. A bicicleta deberá destinarse ó uso para o que está previsto o servizo, estando particularmente prohibida a súa utilización con fins comerciais, de transporte de mercancías ou calquera outro uso profesional.

3. A bicicleta soamente poderá transportar a unha persoa e non poderá prestarse a terceiros. Asimesmo, non poderá retirarse dos puntos de emprazamento unha nova bicicleta ata que o usuario entregue aquela que xa esté utilizando.

4. Prohíbese á desmontaxe ou manipulación parcial ou total da bicicleta. Asimesmo, tampoco está permitido integrar ningún elemento na bicicleta.



5. O usuario é o único responsable dos danos que poida sufrir como consecuencia do uso da bicicleta ou os causados a terceiras persoas ou a calquera ben, moble ou inmobile, incluída a propia bicicleta, polo uso normal ou anormal da mesma.

A tal efecto, o usuario deberá comprobar que a bicicleta a utilizar está en boas condicións de uso e mantemento estando obrigado a comunicar ó Concello calquera incidencia mecánica.

No caso de que os servizos de inspección comprobasen que unha bicicleta presenta desperfectos, imputaranse ó último usuario.

6. Prohíbese o uso da bicicleta en competicións de calquera clase, así como en lugares tales como escalinatas, rampas de garaxe, ladeiras, campos de terra, pistas de patinaxe ou similares.

7. A bicicleta estará baixo a responsabilidade do usuario durante o período transcurrido entre a retirada da mesma e a súa devolución a un dos candados dos puntos de préstamo do sistema.

No caso de perda, robo ou hurto, o usuario presentará denuncia ante o Corpo Nacional de Policía, Garda Civil ou Policía Local e comunicará ó Concello a desaparición da bicicleta no prazo máximo de un día hábil. Ata que non se presente a denuncia a bicicleta estará baixo a responsabilidade do usuario.

8. O usuario deberá mostrar o documento que lle acredita como usuario do servizo cando se lle solicite polos responsables autorizados ou polos membros das forzas e corpos de seguridade, incluíndose o corpo de Protección Civil.

Artigo 7. TEMPO MÁXIMO DE UTILIZACIÓN

A utilización da bicicleta límitase a catro horas, debendo o usuario depositala en calquera dos aparcamentos do sistema antes de que transcurra dito período. Os datos recollidos no sistema de control, que rexistra a hora de retirada e devolución da bicicleta, constitúen a proba do tempo de utilización do servizo a todos os efectos.

Artigo 8. TARIFAS

A cantía correspondente a satisfacer en concepto de prezo público pola utilización do sistema municipal de préstamo de bicicletas determinarase no ANEXO I. Dito ANEXO I poderá ser modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 47.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 9. ALTAS E BAIXAS

1. Toda persoa que pretenda facer uso do servizo de préstamo de bicicletas deberá previamente darse de alta presentando a seguinte documentación:

- Modelo de Formulario de alta no servizo debidamente cumplimentado.
- Fotocopia compulsada ou orixinal do DNI, Pasaporte en vigor ou NIE do usuario e, no caso de menores, tamén o de aquel que ostente a patria potestade.
- Xustificante de ingreso en concepto de alta pola emisión da tarxeta de usuario e do prezo público correspondente.
- ~~- Garantía por importe de 50 € que poderá facerse mediante a aportación dunha tarxeta de crédito ou débito.~~

O usuario comprométese á conservación e bo uso da tarxeta. Nos supostos de extravío, deterioro, e/ou solicitude dun duplicado, o coste de emisión da nova tarxeta deberá ser soportado polo usuario de conformidade coas tarifas vixentes.

Unha vez entregada e comprobada a documentación procederase a entregar ó usuario a tarxeta de usuario.

2. As baixas do servizo produciranse de oficio ou a instancia do usuario.



O Concello procederá a dar de baixa de oficio a aqueles usuarios que non abonen a tarifa correspondente nos termos previstos polo seguinte artigo. Asimesmo, darase de baixa a aqueles usuarios que sexan declarados culpables pola comisión de infraccións moi graves.

No caso de baixas voluntarias, deberase presenta-lo formulario correspondente acompañado da tarxeta acreditativa de usuario do servizo. A baixa no servizo non dará lugar á devolución das tarifas que se abonen durante o contrato.

Artigo 10. XESTIÓN DO PREZO PÚBLICO

Con carácter xeral, o pago do prezo público efectuarase en réxime de autoliquidación. Non obstante, para os supostos de uso anual deste servizo, o Concello poderá xestiona-lo prezo público en réxime de padrón.

De ser este o caso, o Alcalde aprobará o padrón do prezo público. No dito padrón figurarán todos os obrigados ó pago suxeitos a esta modalidade de xestión así como a cuantía correspondente a cada un. As liquidacións comprendidas neste padrón notificaranse colectivamente dacordo co disposto na alta no padrón.

TÍTULO III: RÉXIME SANCIONADOR

Artículo 11. PRINCIPIOS XERAIS

Será infracción administrativa o incumprimento das obrigacións, prohibicións e requisitos establecidos na presente Ordenanza.

O réxime sancionador rexirase polos principios e procedementos vixentes da normativa sancionadora no momento da comisión da infracción.

Serán responsables das infraccións reguladas nesta ordenanza os usuarios do servizo ou, no caso de menores, aqueles que ostenten a patria potestade.

As sancións serán compatibles cos gastos de reparación así como das tarifas pendentes de pagamento.

Artigo 12. INFRACCIÓNS

1. Serán infraccións leves as seguintes:

- O retraso inxustificable na entrega da bicicleta por prazo de ata vinte e catro horas.
- Non comunicar ó Concello as incidencias que se produzan, tales como o deterioro ou fallo que impida ou dificulte o uso da bicicleta.
- Non comunicar ó Concello os cambios de datos persoais.
- Os actos inxustificados de deterioro leve das instalacións e elementos que integran o servizo.
- Presta-la bicicleta a terceiras persoas.
- O estacionamento da bicicleta en lugares distintos dos habilitados al efecto.
- Cualquera outro incumprimento das obrigacións, prohibicións e requisitos establecidos nesta Ordenanza que non se encontren tipificados nos epígrafes seguintes.

2. Serán infraccións graves as seguintes:

- Utiliza-la bicicleta fora do término municipal.
- Non devolve-la bicicleta en bo estado de funcionamento y limpeza polo mal uso da mesma.
- Non presentar nas oficinas municipais copia da denuncia por perda, hurto ou roubo da bicicleta dentro do prazo establecido.
- Non respeta-las normas de tráfico establecidas para estes vehículos, sen perxuro das infraccións e sancións que en materia de tráfico e circulación poidan impoñer as autoridades competentes.
- O retraso inxustificable na entrega da bicicleta por máis de vinte e catro horas.
- Os actos inxustificados de deterioro grave das instalacións e elementos que integran o servizo.
- A reiteración na comisión de dous faltas leves por resolución firme, nun período de doce meses.
- Calquera outro incumprimento das obrigacións, prohibicións e requisitos establecidos nesta Ordenanza cando polo seu elevado alcance ou entidade non merezan a calificación de infracción leve.

3. Serán infraccións moi graves as seguintes:

- Impedir ou obstaculiza-lo uso do servizo a outras persoas con dereito a súa utilización.
- Os actos de deterioro grave e relevante das instalacións e elementos que integran o servizo.
- A utilización da bicicleta con fins lucrativos, así como o seu alquiler ou venda a terceiros.



- O abandono ou perda inustificada da bicicleta.
- Non denuncia-la perda, roubo, ou hurto da bicicleta
- A reiteración na comisión de dous faltas graves nun periodo de doce meses

Artigo 13. SANCIONES

As infraccións darán lugar as seguintes sancións:

- a) Infraccións leves, con multas de ata 50 euros.
- b) Infraccións graves, con multas de ata 150 euros e, no seu caso, inhabilitación da tarxeta de usuario.
- c) Infraccións moi graves, con multa de ata 500 euros e inhabilitación da tarxeta de usuario.

O usuario que fose sancionado en firme pola comisión de infraccións, non poderá volver a facer uso do servizo de préstamo no prazo seis meses, para as leves, un ano para as graves, e tres anos para as moi graves. A tal efecto o Concello procederá a desactiva-la tarxeta de usuario.

Artigo 14. CIRCUNSTANCIAS MODIFICATIVAS DA RESPONSABILIDADE

Para a modulación das sancións atenderase á existencia de intencionalidade ou reiteración, natureza dos prexuízos causados, reincidencia na comisión ao cabo dun ano de infraccións da mesma natureza cando así o declare resolución firme e ao beneficio obtido coa súa realización.

Artigo 15. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos personais dos usuarios do servizo serán obxecto de tratamento informático ós únicos efectos da súa relación co Concello como consecuencia da alta no servizo de préstamo de bicicletas.

Sobre ditos datos, o seu titular poderá exercita-los dereitos de oposición, acceso, rectificación, e cancelación conforme ó previsto na Ley Órganica 15/1999 sobre Protección de Datos de Carácter Personal.

O usuario asumirá, coa solicitude de Alta do servizo regulada no artigo 6, que todos os datos facilitados sexan exactos e que acepta expresamente as condicións de prestación do servizo e a regulación contenida nesta Ordenanza.

Asimesmo ditos datos facilitaranse voluntariamente polo usuario sendo advertido de que os mesmos serán obxecto de tratamento informático, como necesarios e imprescindibles para o establecemento e desenrolo da relación co Concello.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta norma entrará en vigor unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Ley 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO I

TARIFAS

PREZOS PÚBLICOS POLA XESTIÓN ADMINISTRATIVA

- Alta no servizo:.....2 €
(inclúe a entrega da tarxeta de usuario)
- Perda da tarxeta, roubo ou deterioro:...4 €

PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO

- Cota por semana:.....15 €
- Cota por mes:.....25 €
- Cota por ano:.....40 €